

6. A INFLUENCIA DA LITERATURA GREGA NA POSTERIDADE

Coa desaparición do Imperio Romano, a Europa Occidental perdeu contacto co idioma grego, que seguiu a ser a lingua do Imperio Bizantino, e que deu lugar ó grego moderno. Os reinos xermánicos nos que se dividiu o oeste de Europa aceptaron o latín como lingua de cultura, e seguírono a empregar durante moitos séculos despois da caída de Roma. Nos territorios das futuras Francia, España, Portugal, Alemaña, Italia ou Inglaterra, o grego caeu no esquecemento, e durante a Idade Media só algúns textos da Grecia clásica chegaron a ser coñecidos mediante traducións árabes, xa que estes pobos musulmáns si tiveron contacto coas obras de Aristóteles, por exemplo. Así se explica que Dante Alighieri (ca. 1265-1321) cite pasaxes de varias obras de Aristóteles, a quen coñeceu a través de traducións ó latín feitas por Tomé de Aquino (ca. 1224-1274). Máis adiante, desde finais da Idade Media e o Renacemento, a *Poética* sería descuberta polos literatos europeos como fonte de preceptos e normas para diversos xéneros literarios (nomeadamente, o teatro). As dúas persoas que nesa época máis loitaron porque se recuperase o coñecemento do grego en Europa Occidental foron Francesco Petrarca (1304-1374) e Giovanni Boccaccio (1313-1375), aínda que só o segundo deles chegou a ter unha boa instrución na lingua de Grecia.

Así, a partir do Renacemento, moitos escritores tomarán contacto, directamente ou mediante traducións, cos distintos xéneros literarios gregos e os seus autores. A seguir citamos algúns exemplos en varias literaturas europeas:

- o francés Michel de Montaigne (1533-1592), iniciador do xénero moderno do ensaio, empregou o seu coñecemento do historiador Plutarco de Queronea (ca. 46-120) como fonte de exemplos da Antigüidade clásica para a defensa das súas posicións ideolóxicas.
- o inglés William Shakespeare (ca. 1564-1616) tamén seguiu o relato da vida de César de Plutarco para o seu *Xulio César*.
- as *Odas* de Pierre de Ronsard (1524-1585), que dan inicio á poesía lírica europea de ton elevado, deixan ver unha forte influencia de Píndaro, con quen este poeta francés quería rivalizar.
- a influencia da traxedia grega é particularmente apreciable no francés Jean Racine (1639-1699), que estudou con detemento a Sófocles e Eurípides, e escribiu, entre outras obras teatrais, unha *Fedra* e unha *Ifixenia*. O alemán Johann Wolfgang von Goethe (1749-1832) tamén coñeceu ben ós tres tráxicos gregos, como amosa na súa *Ifixenia en Táuride*.
- Homero tardou en ser lido na súa lingua orixinal no occidente de Europa, pero acabou exercendo importante influxo en autores como o francés François Fénelon (1651-1715), quen escribiu *Telémaco*, unha novela inspirada no fillo de Ulises, que está na orixe das narracións modernas coñecidas como “novelas de formación”, nas que un rapaz novo pasa por unha serie de peripecias a través das cales forma a súa personalidade. Tamén Goethe, no seu famoso drama *Fausto*, toma elementos das epopeias homéricas. Forte é, igualmente, a influencia homérica na obra poética do inglés Percy Bysshe Shelley (1792-1822). Finalmente, a moi coñecida obra do irlandés James Joyce (1882-1941), *Ulyses*, xa desde o propio título manifesta a súa débeda coa *Odisea*.

